



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/10
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DO VOLUNTARIADO, LUNS 7 DE OUTUBRO DE 2024 -

Asisten:

PSOE:

D. Santiago M. Toba Campaña, Dna Olalla Benlloch Lema, D. Francisco Javier Romar Alvarelos, D. Felipe Vilela Vilela, Dna. Patricia Domínguez Marino

PP:

Dna Sandra Vilela Riveiro, Dna. Sofía López Simón, Dna. Rosario González Lema

IxM:

D. Francisco Javier Sar Romero, Dna. Aurelia Picallo Merlán

BNG (Mixto)

Dna. Mercé Barrientos Varela

Secretaria: Dna. Rosa Ana García Fernández

Interventora: Dna. Rosa María Fernández Canosa

Tesorero: D. Carlos M. Nogueira Lema

No Salón do Voluntariado-Edificio de Servizos Múltiples municipal, ás 12 horas do día 7 de outubro de 2024, reúnese a Corporación municipal para celebrar sesión extraordinaria de debate e votación da moción de censura presentada contra o actual Alcalde de Muxía D Santiago M. Toba Campaña.

A Secretaria municipal dá lectura ao art 197 da LOREG, explicando que a Mesa acordou que os tempos de intervención sexan de 20 minutos e que non haberá quenda de réplica :

Constituída a Mesa de idade, formada por Dna Aurelia Picallo e D Felipe Vilela, asistida pola Secretaria Municipal.

Seguidamente Dna Aurelia Picallo dá lectura á moción presentada recollida a continuación:



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Proposta de moción de censura para a destitución do Sr. alcalde do concello de Muxía D. Santiago Manuel Toba Campaña, presentada polos seguintes concelleiros e concelleiras:

Dna. Sandra Vilela Riveiro
Dna. Sofía López Simón
Dna. Rosario González Lema
D. Francisco Javier Sar Romero
Dna. Aurelia María Picallo Merlán
Dna. María Mercé Barrientos Varela

Facendo uso das ferramentas democráticas que contempla a lei, IxM, PP e BNG, a través dos seus concelleiros e concelleiras, acordan unha actuación común para a rexeneración política e social deste concello ante as actuais circunstancias de desgobierno e división, propoñendo un novo goberno máis alá das siglas e dos intereses partidistas, forxado cun sentido de responsabilidade política, confianza, lealdade, respecto, diálogo e entendemento entre os distintos grupos que conforman a corporación municipal.

De conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e do artigo 197 da Lei Electoral 5/1985, preséntase esta proposta de moción de censura contra o alcalde D. Santiago Manuel Toba Campaña.

Fundamentos xurídicos:

A/ Esta proposta de moción de censura é presentada por 6 concelleiros acadando así a maioría absoluta da corporación municipal.

B/ Os concelleiros que presentan esta proposta de moción de censura propoñen ao concelleiro D. Francisco Javier Sar Romero como alcalde do concello de Muxía, cuxa aceptación expresa consta no presente escrito.

C/ Esta proposta de moción de censura preséntase ante a secretaria xeral do concello para que lexitime as sinaturas dos concelleiros propoñentes, solicitando acredite mediante dilixencia que a proposta de moción de censura cumpre os requisitos esixidos no artigo 197 da Lei Electoral Xeral 5/1985 así como no resto do ordenamento xurídico.

Por todo isto solicitan se teña por presentada esta proposta de moción de censura contra D. Santiago Manuel Toba Campaña, se sirva admitila dispoñendo os trámites legais oportunos para levala a término e, conforme ao disposto no artigo 197 da Lei 5/1985, quede o pleno automaticamente convocado para as 12 horas do día décimo hábil seguinte ao do seu rexistro.

Asínase a presente en Muxía, a 23 de setembro de 2024



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A continuación a Presidencia da mesa concede a palabra a D Francisco Javier Sar, candidato á Alcaldía, que manifesta:

Bos día aos membros da mesa de idade, Secretaria municipal, concelleiros/as e veciños e veciñas. Acabamos de escoitar o texto da moción de censura contra D. Santiago Toba. A moción de censura é un instrumento legal e democrático sexa cal sexa o candidato proposto para alcalde e digo isto porque estes días, en diferentes declaración do PSOE tratábase esta moción de aberrante e de anomalía democrática e elo porque o candidato proposto non era o primeiro ou o segundo máis votado . Vou explicar porque o candidato son eu. Fai 16 meses , nas eleccións municipais o PSOE foi o partido máis votado cun 43.17% dos votos, o PP obtivo o 23,55%, IxM o

21,57% e o BNG o 11%. Entre o PP, IxM e BNG obtivemos o 56,11% dos votos, 405 máis que o PSOE e por iso estamos hoxe aquí, porque nos avala a Lei. A participación de voto en Muxía ascendeu 8 puntos e o PSOE perdeu 4 concelleiros respecto ás anteriores eleccións.

Despois destes resultados, IxM ofreceu ao PP apoio para a súa investidura como Alcaldesa pero precisábase o apoio do BNG que dixo que nunca apoiaría unha Alcaldía do PP. IxM non ten liñas vermellas con ninguén e por iso eramos a única alternativa , eu nunca me impuxen para ser alcalde. Naquel momento non fomos capaces de chegar a ningún acordo e por eso gobernou o Sr Toba en minoría.

Os porqués desta moción:

O primeiro pola falta de xestión dos recursos do Concello. Só hai que ler os informes da intervención.

Non temos idea do que pasa, somos novatos pero xa sabemos o que ía pasar. Toba di que os vecinos de Muxía son moi listos e xa o sabemos pois se non foran tan listos non perdería tantos votos. Non sabía, como non sabe a xente, que o concello pagaba multas de Augas de Galicia pola situación das depuradoras, ou a Portos por non presentar permisos de ocupación no seu debido tempo e que por elo se perderon subvencións. Estamos cun orzamento de 2022 e temos que aprobar continuamente modificacións de crédito para financiar gastos correntes con cargo a remanente. Pedímoslle ao Sr Toba mesas de traballo e tratar de negociar coa oposición e chegar a acordos. El di que o fixo e non foi así. Non nos chamou nin para os orzamentos nin para os POS.

A incapacidade de chegar a acordos fai un goberno inestable. Toba di que a oposición resta pero se dende o principio da lexislatura apoiamos modificacións de crédito para pagar a provedores, aprobamos 250.000 euros para o SAF, que aínda non licitou hoxe, aprobamos 250.000 euros para a auga de Suxo que hoxe segue sen ela, 200.000 € para o plan de limpeza que tantas veces lle pedimos, 35.000 euros para deportes, etc.

Outro tema é a forma de facer política, os plenos están gravados e das comisións levantáronse actas e eran iguais de penosas que os plenos. En todos os plenos había broncas, unha actitude arrogante do alcalde, insultos, descalificacións, interrupcións das quendas de palabra, insinuacións sobre a nosa vida privada. Este Concello é por elo o faimo rir da comarca.

Ningunha persoa que ostente un cargo público debe facer eso i e menos un alcalde.

En terceiro lugar, os derradeiros plenos pedía con actitude burlesca á oposición unha Moción.

Pois ben, aquí a ten e lle digo que o inimigo máis grande seu foi vostede.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Respecto á composición do novo goberno, reláxese. Vostede tardou 3 días en facelo público , nós farémolo hoxe. Non empezamos a casa polo teito.

Por último, quero agradecer ao PP e ao BNG, a Sandra e a Mercé, a súa predisposición para chegar a acordos. Vostede non se deu conta que esta oposición era diferente á oposición da anterior lexislatura. É unha actitude de valentía primar os intereses de Muxía aos intereses partidistas.

Seguidamente a Mesa concede a palabra a D Santiago Toba: “ Tres contra un, desventaxa?. Ningunha. Tería argumentos para darlles aos tres pero hai unha circunstancia que cambia e que é que a presidencia da Mesa, Dna. Aurelia Picallo, non quere quenda de réplica por moito que insistiu o outro integrante da mesa. É a mellor maneira de empezar a lexislatura, con persoas que estaban na lexislatura anterior torpedeando todo. Está ben que empece con Sandra Vilela, voicoteadora num 1 de Muxía, cun representante do BNG e radicais que levan 40 anos facendo o mesmo. Os argumentos que expón Sar para xustificar a moción son surrealistas e pouca xente as comparte. Esta moción é contra unha xente que traballou con humildade, xente leal coa vontade do pobo e en moitos casos gratis. Estamos aquí por tráfico de influencias? Por estar inhabilitados? Por cometer delitos demostrados?. Non, estamos aquí porque non queremos dobrarnos ante quen quería dobrarnos, porque non pudesdes gañarnos nas urnas que é onde hai que gañar, ou na xustiza. O PP denuncioume pero non hai rastro desa denuncia.

Ides facer alcalde ao segundo máis perdedor das eleccións en Muxía, e é certo que ser o primeiro perdedor estando o BNG é imposible. Alcalde cun pacto do BNG e PP, que vende aos seus votantes. Dareiche a noraboa como fun o primeiro que cha deu fai meses, cando descubrín toda esta trama que fixestedes a espaldas da xente. Naquel momento fixen tamén a composición do goberno. É unha pena que perda a oportunidade de dicir aquí se hai dedicacións. Como sempre oscuridade dos que levan boicoteando Muxía dende fai anos.

Nestes 16 meses non se puxeron de acordo. Non sería porque o PP quería a Alcaldía?, ou porque había soldos?.

Quero falar de dúas partes do corpo moi importantes: o pescozo e os xeonllos. A miña familia ensinoume a súa importancia. O pescozo é importante porque sendo alcalde hai que tomar decisións, traballar e que isto non te debilite o pescozo e fagas o que fagas non o teñas que baixar ante ninguén. Os xeonllos porque por moi difícil que cho poñan tes que andar dereito e que ninguén te poña andar de xeonllos. Hoxe a pesar de todo andamos coa cabeza moi alta e de pe, coa dignidade completa, non como o BNG que ten os xeonllos como cando Bautista fixo algo parecido. Tampouco os representantes do PP terán o pescozo erguido se non inclinado polos soldos. Isto é o que ten vender ao pobo. Tampouco o novo alcalde de Muxía , que entra pola porta de atrás, cos xeonllos e o pescozo danado.

Grazas compañeiros polo que fixestes por min e polo pobo de Muxía e a todos os veciños e veciñas de Muxía, por deixarme ser o voso alcalde durante este tempo, por valorar non só os logros políticos se non os valores. Somos de sonos, sabemos onde está esa illa no medio do mar e aquí nos tivestes, nos tedes e nos teredes.

Para acabar vou citar uns versos de M^a Jose Silvar, Sés:

Máis aínda seguimos aquí, a aturar tempestades de sal, resistindo a violencia de mans desas serpens e cans que nos queren calar...



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A continuación intervén Dna Sandra Vilela: “ Saúdos a todos, grazas compañeiros do PP de aquí e da comarca e en xeral a todos os veciños de Muxía que tiveron paciencia e nos deron tempo para que puidésemos levar a cabo isto que pedían nas rúas. Creo que vai a ser algo serio e feito con responsabilidade.

O discurso que acaba de dar o Sr Toba é un bo exemplo do que levamos a sufrir 5 anos . O de hoxe, que cría ía a ser máis cañero, foi un resumo das vexacións que sufrimos cando se refería á dignidade das persoas, ás nosas vidas persoais... Vostede di que estamos aquí porque non lle podemos gañar nas urnas pero non é así porque vivimos nun sistema parlamentario onde 6 é máis que 5 e polo tanto si que lle gañamos. O único que perdeu representación nas derradeiras eleccións foi o PSOE de Muxía . O Sr Sánchez é presidente sen ser a lista máis votada e por elo é democrático o que está pasando aquí. Se os veciños quixeran que vostede tivese maioría agora lla darían e non foi así. Tamén dixo que non gañábamnos nos xulgados e non é certo que o denunciara moitas veces e non é así, solo o denunciéi unha vez e foi ante a Fiscalía e cando analizaron a documentación presentou a fiscalía denuncia por prevaricación administrativa ante o Xulgado de Corcubión e elo está en proceso de instrución, non está arquivada e igual dentro duns meses ten vostede que declarar como imputado.

Levamos cinco anos explicando e dicindo o que pasa aquí e os veciños/as o saben. Estamos aquí non solo como representantes deste pobo se non como cidadáns preocupados polo futuro da comarca, estamos non solo como representantes do PP se non sobre todo como concelleiros/as de Muxía. Hoxe marca un antes e un despois na vida deste municipio, o fin dunha época funesta e escura. As razón desta moción de censura son claras e urxentes.

Vostede demostrou falta de respecto e desprezo aos cidadáns que representa, os seus insultos crearon hostilidade e división no pobo que non podemos tolerar. O acontecido nos últimos 15 días é proba de todo elo. As calumnias e degradacións súas cara nós ou cara os veciños que non lle apoian nos seus postulados son proba do seu carácter despótico, tiránico,absolutista e arbitrario por un lado e por outro da desesperación de alguén que perde o único sustento económico que tivo na súa vida laboral. Non hai máis que escoitalle estes días, solo falou de euros, nin unha mención a súa xestión como alcalde, sobre as necesidades que ten o concello. A xestión do Alcalde foi deficiente en mantemento viaria ou limpeza, o unha xestión de servizos básicos pero tan importantes como o SAF que sae adiante grazas ás traballadoras e o seu compromiso. Quero destacar o capital humano dos traballadores do Concello que tamén sufriron vexacións e aínda así facían o que podían para sacar adiante o Concello. A falta de compromiso con asociacións, por exemplo a Asociación Turística , comisión de festas, facendo que algunha como a das palilleiras, tiveses que abandonar, a súa falta de apoio a sectores como á hostalería , ou o seu incumprimento das promesas en infraestruturas, por exemplo a Auga de Suxo que aínda hoxe non é realidade, ou o atraso en obras pola súa incapacidade por exemplo como coa Ponte de Vilachán. Exemplos reais dun abandono absoluto. Dilapidou os aforros de todos nós, recolleu un Concello solvente e o deixa con miles de euros pendentes en facturas.

Hoxe poñemos punto e final con esta Moción de censura que vostede pediu. En cinco anos foi incapaz de chegar a ningún acordo e debería de reflexionar. Deixamos de lado as diferencias e nos unimos polo ben de Muxía e queremos o mellor para os seus habitantes. É hora de devolver a voz á cidadanía e que a política muxiana teña como obxectivo un futuro máis esperanzador para Muxía. Un día para celebrar que o diálogo , transparencia e normalidade vaia volver ao noso Concello. Por todo isto apoiaremos ao candidato proposto na moción pero, eso si Javier, non sen deixar o mandato encima da mesa de Traballo, diálogo e esforzo para abrir unha porta nova e construír unha Muxía de futuro.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A continuación intervén Dña Merce Barrientos:

Saúdos ás veciños/as, traballadores, autoridades. Como voceira do BNG o que vou ler non é a miña postura se non a postura da Asamblea Local de Muxía que está formada por persoas con moitos anos de loita política, sempre apoiando as necesidades da veciñanza. Ante a cuestión de porque apoiamos esta Moción, a Asamblea di ¿que motivos nos deron para non facelo? É unha decisión dura pero imprescindible, a actitude de Toba supera o límite do admisible. No anterior mandato tivo maioría absoluta pero foi un período convulso que dende os eu inicio a xestión se caracterizou pola falla de traballo, as inxerencias en temas persoais, as burlas... a incapacidade para atender a veciñanza, non se entendeu nin coa oposición nin cos seus compañeiros de partido. Usaba as redes para insultar, para atacar a todo o mundo en vez de escoitar aos membros da oposición.... Naquel momento o entón concelleiro do BNG, Carlos Fdez Concheiro, traballou para intentar que o Concello avanzase facendo de interlocutor cos grupos, para non perder recursos que a actitude infantil do Alcalde, as súas rabietas, facían perigar. Ese intento de conciliación se lle pagou cunhas vergoñentas pintadas cheas de maldade e que facían alusión a súa vida persoal. Os antecedentes non fixo pensar que Toba non era a persoa adecuada para representar a todos e moderar os plenos. O BNG non apoiaría unha Alcaldía do PP pero tampouco respaldaría un mandato de Toba que lle permitise seguir a súa pésima xestión, demostrando a súa falta de educación e de responsabilidade. Os resultados electorais supuxeron para nós un dilema, ou nos votábamos a nosoutros na sesión de investidura co que facilitaríamos a investidura do Sr Toba ou apoiabamos a IxM e isto pareceunos o mellor para a veciñanza. Poderíamos estar nun erro e que Toba cun goberno en minoría podería rectificar a súa forma de facer política e chegar máis ou menos a acordos de mínimos cunha actitude conciliadora. Pero non, decidiu romper a paz social, dar paso ao odio nas súas intervencións en redes sociais e pleno. En lugar de adicarse a traballar para o Concello estes 16 meses de mandato nos dan a razón, non puido cumprir, abandonou a atención á veciñanza, incumpriu o seu deber de estar no concello, abandonou o punto limpo, a recollida de lixo, o polideportivo.... Reitéranse os informes negativos da intervención, a incapacidade para obter recursos o que obriga a gastar remanente, abandonase a Fundación López Abente, apróbanse mocions polo grupo de goberno que despois non se executan, ocúltase información e incluso a Valedora do Pobo ten que esixirlle esa información que el nega.

Todo isto califica a actuación do goberno como nefasta. Santiago Toba é incapaz de recoñecer erros, nin quere suxerencias, emprega o insulto ou a falta de respecto cando se lle piden contas. Exemplos das súas falsedades: Di que non ten orzamento por culpa da oposición porque non negocia o que non é certo pois nunca nos convocou para elo. Aprobamos 1250000 euros para licitar o SAF e aínda hoxe non o fixo. Acusou á oposición de paralizar o Alumeado Público de A Barca cando en realidade foi el quen o pediu á Deputación provincial e elo surxiu como consecuencia da realización dun muro de dubidoso gusto do que o seu goberno era responsable. Cando dixo nun pleno que os permisos da ponte de Vilachán poderían tardar anos e eses permisos xa estaban no Concello e el o sabía, cando enganou a o seu partido e obrigou a mentir ao seu responsable de organización cando dixo que intentara negociar os orzamentos e non foi así.

Mente cando di que o BNG deu a Alcaldía de Muxía ao PP. Eso non foi así, En 1991 Bautista foi Alcalde co apoio do PP e en 1995 os concelleiros do BNG(2) votaron a favor do representante do PSOE para Alcalde pero o PP chegou á Alcaldía grazas a un concelleiro do PSOE, Jaime Bermúdez. Cando en 2007 o PP obtivo 6 concelleiros e o PSOE tamén 6, este último tivo a Alcaldía grazas a Luisa Gerpe .

Santiago Toba falsea a historia por descoñecemento ou por interese.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Citarei a opinión dunha histórica socialista, M^a Sol Soneira, que foi deputada do PSOE de Galicia e que expresou recentemente na radio a incredulidade ao escoitar os plenos de Muxía: “ Quedei petrificada, hai cousas que non son de dereitas ou de esquerdas se non de educación ou máis , de sentido común.”

Toba quixo converter los plenos en espectáculos delirantes, en vez de buscar acordos coa oposición adicouse a descalificar e insultar aos membros da oposición, vimos como empregaba o seu rol de moderador para evitar a defensa das persoas ás que insultaba, entre as risas dos seus concelleiros. O obxectivo principal dos seus ataques foi o BNG e os seus membros, dirixindo descalificacións como: Chamarnos mentireiros, rastreiros, tontos útiles, dicir que o BNG ou os seus membros estaban continuamente, continuamente...cometendo delitos. Solo lle pedimos a retirada das calumnias, os xogos de palabras para clamar alcohólicos aos do BNG. Acusou ao BNG de tratar de politizar aos nenos nun colexio cando solo houbo un aviso de que a auga estaba mal. Acusou aos membros do BNG de baixaza moral. Pedímoslle que retirase os insultos e sempre fixo chanza desta petición.

Porque motivo deberíamos de tolerar todo isto? . Por enriba de todo é intolerable a súa actuación coas mulleres da oposición, o que xa fixo cunha membro do seu equipo en 2019 á quen atacou sen piedade. Atacou aos concelleiros doutros grupos e fronte a estas agresións sempre chegamos a apoios porque antes de políticos/as somos persoas. Dirixiuse á corporación dicindo: “Algunha vai a ter que comer as súas palabras e saberanlle a vómito que leva días comendo verduras, “ veña pero veña en condicións”, “Está para alá” “Se ten que tratarse hai sitios para elo”..

Os ataques a min ou a miña familiar foron un constante no seu mandato, reiteradamente nos plenos e redes sociais, por exemplo acusándome de facerme pasar por un traballador municipal cando me interesei por unha falta de marquesinas, dicir que a miña actitude era dunha persoa que non estaba nos seus cabais ou que eu estaba saltando entre as silvas ,a acusándome de ameazas aos traballadores municipais cando denunciei avarías de auga que custaban miles de euros ao Concello, chamar ao meu centro de traballo para saber si eu estaba ali ou de baixa e que o negou cando lle preguntamos, interrompía constantemente as nosas intervencións nos plenos, eliminaron gravacións nos plenos cando interviña eu. Dirixiume insinuacións inxuriosas: “non me faga facer público o motivo de que vostede estea en Baio e non noutro posto de traballo”, atentaba contra a honra das persoas sabendo que eran cuestións falsas pero aínda así creaban dúbidas. Chamoume cínica hasta sete veces cínica. Cando lle pedía que respectase a miña quenda de palabra me dicía: “sega con esa cara de cínica que ten, con ese sorriso de cínica que tes .. rastreira... Facía mofa cando lle pedía á secretaria que esas cousas constasen en acta... Decía “Igual vostede quixo ter fillos e non puido...para saber de algo hai que vivilo...Ten cuidado, para chegar á miña altura tes que nacer catro veces....

Vostede que foi criado no machismo máis absoluto porque todos sabemos como foron criados nesa familia.. Merce Barrientos saltando entre as silvas...queremos e non queremos, a puntiña so....”

Chegou a dirixir comentarios a persoas do público sabendo que non podían defenderse como tampouco os concelleiros aos que ameazaba con expulsar.

O BNG con firmeza democrática abriu un expediente que lle permitirá coñecer as causas que implican que unha Asamblea de Muxía actuase como o fixemos.

Recoñece Iago Toba a ideoloxía do seu partido?: Asegurar os dereitos das mulleres, Facer normas para acabar coa desigualdade de xénero, eliminar a violencia de xénero...

Se eses ataques os fixera un concelleiro do PP que farían os concelleiros do PSOE?



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Toba pensou que todo está permitido. O BNG seguirá estando aquí, enfrontando comportamentos fascistas e ditatoriais e traballando para ir adiante, para que este Concello sexa exemplo de desenvolvemento sostible e de oportunidades do que poidamos sentirnos orgullosos.

Seguidamente se procede á votación da moción de censura, resultando que votan a favor desta D Javier Sar, Dna Sandra Vilela, Dna Sofía López, Dna Rosario González , Dna Aurelia Picallo e Dna Mercé Barrientos.

Votan en contra D Iago Toba, Dna Olalla Benlloch, D Felipe Vilela, Dna Patricia Mariño e D Javier Romar.

Sendo que os votos a favor da moción alcanzan a maioría absoluta de votos, prospera esta, quedando elixido como Alcalde D Javier Sar Romero, quen ante a Mesa de idade xura e promete o seu cargo, tomando a continuación posesión do posto da Presidencia.

De acordo co establecido na Lei, dáse conta pola Tesourería municipal do arqueo, que presenta o seguinte resumo **anexada a este acta como documentación complementaria.**

Dáse asemade conta do Inventario de bens.

A continuación o Alcalde dirixe unas breves palabras aos presentes, levantando a continuación a sesión.

Ás 13:17 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, luns 14 de outubro de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Francisco Javier Sar Romero